



Estimadas nais/pais/titores legais:

Mediante este escrito trasladámoslles a normativa recollida na **Instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos** pola que se establecen **recomendacións sobre a saída do alumnado dos centros públicos** debemos ter en conta os seguintes aspectos:

1. Como **norma xeral**, todo o alumnado, por ser **menores de idade, deberá ser recollido polos seus responsables (nai, pai ou titor legal)** á saída do colexio ou nas paradas do transportes escolar.
2. **O alumnado de 5º/6º de Primaria e o de Secundaria poderá**, no horario previsto, **saír sos para casa ou ir sos desde as paradas** do transporte escolar, **sempre que os seus responsables (nai/pai/titor legal) presenten** ante a dirección do centro unha **autorización ao respecto eximindo á Consellería de toda responsabilidade por danos ou lesións que poidan sufrir os escolares.**
3. **O resto do alumnado (Infantil e 1º/2º/3º/4º de Primaria)**, tamén poderá ser recollido no centro ou nas paradas do transporte escolar por outro adulto, ou un irmán ou irmá maior de 5º/6º de Primaria ou calquera curso de Secundaria escolarizado no centro, **sempre que sexa autorizado formal e expresamente polos seus responsables (nai/pai/titor legal)**, cubrindo unha ficha cos datos da persoa autorizada e entregándoa no centro de ensino.
4. Os rapaces **permanecerán custodiados no centro o tempo** que en cada caso se considere **prudencial** a partir do horario de recollida fixado. A estes efectos, **os responsables** dos nenos/as ou os adultos ou irmáns autorizados expresamente para recollelos terán a **obriga de avisar ao centro escolar de calquera demora que poidan sufrir**. Transcorrido o tempo de demora comunicado sen que apareceran, **efectuaranse dende o colexio chamadas aos responsables dos pequenos**, que, **de resultaren infrutuosas**, poderán determinar a **condución dos escolares** ás dependencias da Policía Local ou ao **cuartel da Garda Civil** que corresponda. A reiteración en mais de 4 ocasións desta última circunstancia poderá dar lugar á comunicación dos feitos ao Servizo Provincial de Menores que corresponda, para os efectos da apertura dunha investigación sobre abandono de menores.
5. En todo caso, os escolares **non poderán ausentarse do centro de ensino antes da hora** prevista para as distintas saídas, **agás que as persoas identificadas na instrución como os seus responsables así o comuniquen de xeito motivado no centro, procedendo a recoller ao alumno por eles mesmos** ou polo adulto ou irmán ou irmá que cursen os niveis educativos xa sinalados, autorizados expresamente para o efecto.
6. **Nos supostos de escolares non recollidos nas paradas** correspondentes polos seus responsables ou polos adultos ou menores autorizados, para non entorpecer ou alongar os itinerarios, os autobuses esperarán nas paradas un tempo non superior a 5 minutos e **os**



acompañantes do transporte ou encargados das empresas chamarán aos teléfonos facilitados polas familias dos nenos/as para que acudan ás seguintes paradas da ruta ou ben recollan aos alumnos nas dependencias das empresas, nas que permanecerán ao coidado dos acompañantes ou encargados das empresas ata a hora do seu peche diario. Se chegada a hora de peche das instalacións da empresa transportista, as persoas sinaladas nesta Instrución como responsables non se presentaran a recollelos, os encargados das empresas os levarán ás dependencias da Policía Municipal ou cuartel da Garda Civil que corresponda, onde se seguirán as actuacións que procedan, incluída a posibilidade de informar ao Servizo P. de Menores correspondente por se puidera darse un delito de abandono de menores.

NOTA IMPORTANTE: Os **modelos de autorización** poden recollese na **secretaría do centro** ou a través da **páxina web** que permite cubrir e imprimir **para a súa entrega no centro**.

Para máis información ver normativa na páxina web do centro

Vedra a 13 de setembro de 2017

O DIRECTOR

Asdo.: José Viaño Rey